

## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

### ACTA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE PONTEDEUME CELEBRADA O 29/07/2021.

ASISTENTES:

Presidente:

D. Bernardo Fernández Piñeiro

Concelleiros/as:

D. José Simoes Couceiro

D<sup>a</sup> Raquel Caruncho Corral

D<sup>a</sup> Ángela Piñeiro Carrera

D. Daniel Ríos Fernández

D<sup>a</sup>. Manuela García Fachal

D<sup>a</sup> Alejandra Bellón Tenreiro

D. Santiago José Rodríguez Piñeiro

D. Luis Angel Díaz González.

D<sup>a</sup> Rocio Souto Torre.

Na sala de sesións da Casa do Concello de Ponte deume, sendo as doce horas e cinco minutos do día vinte nove de xullo de dous mil vinte e un, xúntanse de xeito telemático en sesión ordinaria do Pleno, en primeira convocatoria, previamente convocados ao efecto, as persoas membros do Pleno do concello relacionadas á marxe, baixo a presidencia do señor alcalde-presidente, Don Bernardo Fernández Piñeiro.

Foron asistidos pola Secretaria accidental e a Interventora Municipal.

Non asisten, desculpando a ausencia:

D. Joshua Dopico López

D<sup>a</sup> Yolanda Vázquez Busto

D. Luis Pena Mosquera

A Secretaria accidental:

Dna. Eva Guerrero Rico

A Interventora

Dna. Lucía Varela Martínez

A Presidencia abre a sesión, procedéndose a tratar os asuntos incluídos na orde do día:

#### **1.-. LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.**

A Secretaria accidental da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

#### **“PROPOSTA DE ACORDO**

#### **LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DE ACTA DA SESIÓN ANTERIOR**

#### **SESIÓN ORDINARIA 24/06/2021**

(Expediente TEdE: 2021/G006/000132)



Recibida polas persoas membro do Pleno, a copia do borrador da acta correspondente á sesión:

**SESIÓN ORDINARIA 24/06/2021**

Esta Alcaldía-Presidencia formula a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

**PRIMEIRO.** Aprobar o borrador da acta correspondente á sesión:

**SESIÓN ORDINARIA 24/06/2021**

**SEGUNDO.-** Ordenar a súa transcripción ao libro de actas de acordo ao disposto no art. 110.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro.

Documento asinado dixitalmente polo Sr. Alcalde D. Bernardo Fernández Piñeiro en Pontedeume, na data que figura na marxe”

Non habendo intervencións, sométese a votación a proposta de acordo, quedando **ADOPTADO** por **UNANIMIDADE** dos/as membros presentes, o **ACORDO** seguinte:

**PRIMEIRO.** Aprobar o borrador da acta correspondente á sesión:

**SESIÓN ORDINARIA 24/06/2021**

**SEGUNDO.-** Ordenar a súa transcripción ao libro de actas de acordo ao disposto no art. 110.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro.

**2.- CONTA XERAL DO EXERCICIO 2020.**

A Secretaria accidental da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

**“PROPOSTA DA ALCALDÍA**

**CONTA XERAL DO EXERCICIO 2020.**

(Expediente TEdC: 2021/X999/000173-2021/G006/000138

Visto o informe favorable da Comisión Especial de Contas de 01/06/2021 ao expediente comprensivo da Conta Xeral desta entidade correspondente ao exercizo 2020 integrada polos estados e documentos contables da Corporación de acordo co seguinte:

**1. BALANCE DE SITUACIÓN:** 33.965.430,17 euros (activo e pasivo)

**2. RESULTADO ORZAMENTARIO:**

DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS	
a. Dereitos recoñecidos por operacións non financeiras	6.823.953,36
a.1. Dereitos recoñecidos netos por operacións correntes (Cap. I a V)	6.497.458,60
a.2. Dereitos recoñecidos netos por operacións de capital (Cap. VI e VII)	326.494,76

## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

<i>b. Dereitos recoñecidos netos por activos financeiros</i>	5.309,35
<i>c. Dereitos recoñecidos netos por pasivos financeiros</i>	9.695,99
<b>Total dereitos recoñecidos</b>	<b>6.838.958,70</b>
<b>a. Obrigas recoñecidas por operacións non financeiras</b>	
<i>a.1. Obrigas recoñecidas netas por operacións correntes (Cap. I a IV)</i>	6.026.024,18
<i>a.2. Obrigas recoñecidas netas por por operacións de capital (Cap. VI e VII)</i>	1.230.517,70
<b>b. Obrigas recoñecidas netas por activos financeiros</b>	<b>3.400</b>
<b>c. Obrigas recoñecidas netas por pasivos financeiros</b>	<b>0</b>
<b>Total obrigas recoñecidas</b>	<b>7.259.941,88</b>
<b>RESULTADO ORZAMENTARIO ANTES DE AXUSTES</b>	<b>-420.983,18</b>
<b>AXUSTES</b>	
<i>(+) Créditos gastados financiados con RLT para gastos xerais</i>	493.999,87
<i>(+) Desviacións de financiamento negativas do exercicio</i>	442.738,27
<i>(-) Desviacións de financiamento positivas do exercicio</i>	264.238,65
<b>RESULTADO ORZAMENTARIO AXUSTADO</b>	<b>251.516,31</b>

### 3. REMANENTE LÍQUIDO DE TESOURERÍA:

<b>1. Fondos líquidos</b>	<b>1.237.883,75</b>
<b>2. Dereitos pendentes de cobro (2.a +2.b +2.c -2.d)</b>	<b>9.933.726,32</b>
<i>2.a. Do orzamento corrente</i>	1.057.974,57
<i>2.b De orzamentos pechado</i>	8.849.597,21
<i>2.c De operacións non orzamentarias</i>	26.154,54
<b>3. Obrigas pendentes de pago (3.a +3.b +3.c -3.d)</b>	<b>8.790.670,91</b>
<i>3.a. Do orzamento corrente</i>	936.802,97



3.b. De orzamentos pechados	7.601.807,66	
3.c. De operacións non orzamentarias	252.060,28	
4. Partidas pendentes de aplicación		-292.788,18
4.1 Cobros realizados pendentes de aplicación	434.000,75	
4.2 Pagos realizados pendentes de aplicación	141.212,57	
<b>I. REMANENTE DE TESOURERÍA TOTAL</b>		<b>2.088.150,98</b>
II. SALDOS DE DUBIDOSO COBRO		877.270
III. REMANENTE DE TESOURERÍA AFECTADO		51.567,65
<b>IV. REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS</b>		<b>1.159.313,33</b>

#### 4.- OBXECTIVO DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA:

CONCEPTOS	IMPORTES
Ingresos liquidados presupuesto 2020 (capítulos 1 a 7)	6.823.953,36
<b>Créditos liquidados presupuesto 2020 (capítulos 1 a 7)</b>	7.256.541,88
<b>TOTAL (a – b)</b>	<b>-432.588,52</b>
AXUSTES	
1) Axustes recadación capítulo 1	1.334,09
2) Axustes recadación capítulo 2	-20.095,21
3) Axustes recadación capítulo 3	-200.781,32
4) Axuste por gastos pendentes de imputar a orzamento	322.199,23
5) Axuste por devolucións de ingresos pendentes de imputar a orzamento	-2.350,50
Total axustes	100.305,85
<b>TOTAL NECESIDADE DE FINANCIAMENTO</b>	<b>-332.282,67"</b>

#### 5.- OBXECTIVO REGRA DE GASTO:

O límite da regra de gasto en 2020 derivado da liquidación do exercicio 2019 sería de 4.754.228,54 euros.

Gasto computable	IMPORTES
1. Suma capítulos 1 a 7, deducidos gastos financeiros	7.256.527,32

## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

2. Axustes SEC	-322.199,23
3. Total empregos non financeiros términos SEC excepto intereses da débeda	6.934.328,09
4. Gasto financiado con fondos finalistas (-)	-1.391.180,20
<b>5. Total Gasto computable Liquidación 2020</b>	<b>5.543.147,89”</b>

Logo de que o expediente fora sometido a información pública polo prazo de 15 días conforme ao establecido no artigo 212.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais (RDL 2/2004 de 5 de marzo), publicado no Boletín Oficial da Provincia nº176 de 21.10.2020.

Visto que durante o dito prazo, non se presentaron reclamacións, conforme se acredita nos documentos que obran no expediente.

Tendo en conta o anterior e considerando a normativa aplicable, esta Alcaldía **PROPÓN** ao Pleno a adopción do seguinte **ACORDO**:

**PRIMEIRO:** A aprobación definitiva da Conta Xeral correspondente ao exercicio de 2020, así como da documentación complementaria que se xunta ao expediente, considerando que na elaboración, formación e tramitación da conta xeral correspondente ao exercicio 2020 se observaron as prescricións para este efecto contidas no Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, en adiante TRLRFL; Real decreto 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo primeiro do título sexto da Lei 39/1998, reguladora das facendas locais (enténdase TRLRFL), en materia de orzamentos; Orde HAP/1781/2013 de 20 de setembro pola que se aproba a Instrución do modelo normal de contabilidade local (en adiante ICAL); as Normas de Valoración desenvolven os Principios Contables e se atopan reguladas na segunda parte do PGCP (Orden EHA/1037/2010, de 13 de abril, pola que se aproba o Plan Xeral de contabilidade Pública).

**SEGUNDO:** Que unha vez que se aprobe polo Pleno da Corporación, se remita ao Consello de Contas e se rinda ao Tribunal de Cuentas; e, en aplicación do artigo 8 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, artigo 8.1.e), tamén deberá facerse pública a información relativa ás contas anuais mediante a súa publicación na páxina web ou sede electrónica.

Documento asinado dixitalmente polo Sr. Alcalde- Presidente, D. Bernardo Fernández Piñeiro, en Ponte deume, na data sinalada na marxe.”

A secretaria accidental conta dun erro no contido na parte expositiva da proposta, en tanto que

Onde di: “...//...”

Logo de que o expediente fora sometido a información pública polo prazo de 15 días conforme ao establecido no artigo 212.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais (RDL 2/2004 de 5 de marzo), publicado no Boletín Oficial da Provincia nº176 de 21.10.2020.

...//....”



Debe dicir:

“...//...”

Logo de que o expediente fora sometido a información pública polo prazo de 15 días conforme ao establecido no artigo 212.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais (RDL 2/2004 de 5 de marzo), publicado no Boletín Oficial da Provincia nº118 de 25.06.2021.

...//....”

A presidencia abre a quenda para o debate:

- **Toma a palabra o Sr. Daniel Ríos**, concelleiro delegado de Facenda, quen reitera o dito na Comisión Informativa Especial de Contas do 01 de xuño de 2021. Explica que a suspensión por parte do Ministerio de Facenda das regras fiscais, permitiu ó concello utilizar o remanente positivo de tesourería, e como consecuencia, levar a cabo diversas actuacións e axudas a diversos sectores mais afectados pola pandemia. De seguido comenta que o ano comezou cun orzamento de preto de 7.000.000 € e rematou con 11.000.000 €, motivado principalmente pola consecución de fondos doutras administracións, froito do traballo das distintas concellerías que forman o goberno local. Destaca tamén, o resultado orzamentario positivo de máis de 250.000 €, e para rematar comenta que no ano 2015, o período medio de pago ós provedores estaba en 90 días, e actualmente está entre 30 e 40 días, mellorando considerablemente o período de pagamento ás empresas que traballan para o concello.

- **Toma a palabra a Sra. Rocío Souto**, concelleira do BNG, di que se van abster, pois necesitan que se corrixa os defectos que levan a reparos por parte da Intervención e de Secretaría Municipal.

Concluídas as intervencións, sométese a votación a proposta, quedando **ADOPTADO** por **MAIORÍA de 9 votos a favor** dos concelleiros e concelleiras do Grupo Municipal do PSDGPSOE (7): D. Bernardo Fernández Piñeiro, D. José Simoes Couceiro, D<sup>a</sup> Raquel Caruncho Corral, D<sup>a</sup> Ángela Piñeiro Carrera, D. Daniel Ríos Fernández, D<sup>a</sup> Manuela García Fachal, D<sup>a</sup> Alejandra Bellón Tenreiro; e dos concelleiros do Grupo Municipal do PP (2): D. Santiago José Rodríguez Piñeiro e D. Luis Angel Díaz González; **1 abstención** da concelleira do Grupo Municipal do BNG: D<sup>a</sup> Rocío Souto Torre; o **ACORDO** seguinte:

**PRIMEIRO:** A aprobación definitiva da Conta Xeral correspondente ao exercicio de 2020, así como da documentación complementaria que se xunta ao expediente, considerando que na elaboración, formación e tramitación da conta xeral correspondente ao exercicio 2020 se observaron as prescricións para este efecto contidas no Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, en adiante TRLRFL; Real decreto 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo primeiro do título sexto da Lei 39/1998, reguladora das facendas locais (enténdase TRLRFL), en materia de orzamentos; Orde HAP/1781/2013 de 20 de setembro pola que se aproba a Instrución do modelo normal de contabilidade local (en adiante ICAL); as Normas de Valoración desenvolven os Principios Contables e se atopan reguladas na segunda parte do PGCP (Orden EHA/1037/2010, de 13 de abril, pola que se aproba o Plan Xeral de contabilidade Pública).

**SEGUNDO:** Que unha vez que se aprobe polo Pleno da Corporación, se remita ao Consello de Contas e se rinda ao Tribunal de Cuentas; e, en aplicación do artigo 8 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, artigo 8.1.e), tamén deberá facerse pública a información relativa ás contas anuais mediante a súa publicación na páxina web ou sede electrónica.

#### **ASUNTOS FORA DA ORDE DO DÍA**

Propónse como asunto fóra da orde do día o seguinte:

## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

- “DACIÓN DE CONTA DO INFORME DA INTERVENCIÓN MUNICIPAL 132/2021 SOBRE REPAROS EFECTUADOS POLA INTERVENCIÓN MUNICIPAL NO EXERCICIO 2020 E ANOMALÍAS DETECTADAS EN MATERIA DE INGRESOS, ASÍ COMO ACORDOS ADOPTADOS CON OMISIÓN DO TRÁMITE DE FISCALIZACIÓN PREVIA”

Tendo en conta que o asunto forma parte do expediente da Conta Xeral e non foi incluído na orde do día da convocatoria.

Sométese a votación a urxencia, quedando **RATIFICADA A URXENCIA**, coa **INCLUSIÓN DO ASUNTO NA ORDE DO DÍA**, por **UNANIMIDADE** dos/as membros presentes.

A Secretaria accidental da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación.

### “PROPOSTA DE ACORDO

**DACIÓN DE CONTA DO INFORME DA INTERVENCIÓN MUNICIPAL 132/2021 SOBRE REPAROS EFECTUADOS POLA INTERVENCIÓN MUNICIPAL NO EXERCICIO 2020 E ANOMALÍAS DETECTADAS EN MATERIA DE INGRESOS, ASÍ COMO ACORDOS ADOPTADOS CON OMISIÓN DO TRÁMITE DE FISCALIZACIÓN PREVIA**

(Expediente TEdC: 2021/X999/000174-2021/G006/000150)

Logo da toma de razón polas persoas membro da Comisión Especial de Contas, en sesión Extraordinaria celebrada o día 01/06/2021, do Informe da Intervención Municipal, 132/2021 de “Reparos efectuados pola Intervención municipal no exercicio 2020 e anomalías detectadas en materia de ingresos, así como acordos adoptados con omisión do trámite de fiscalización previa para incluír en punto separado da orde do día con ocasión da aprobación da CONTA XERAL 2020”, co seguinte tenor literal:

“Artículo 218 Informes sobre resolución de discrepancias

1. El órgano interventor elevará informe al Pleno de todas las resoluciones adoptadas por el Presidente de la Entidad Local contrarias a los reparos efectuados, así como un resumen de las principales anomalías detectadas en materia de ingresos. Dicho informe atenderá únicamente a aspectos y cometidos propios del ejercicio de la función fiscalizadora, sin incluir cuestiones de oportunidad o conveniencia de las actuaciones que fiscalice.

Lo contenido en este apartado constituirá un punto independiente en el orden del día de la correspondiente sesión plenaria.

El Presidente de la Corporación podrá presentar en el Pleno informe justificativo de su actuación.

2. Sin perjuicio de lo anterior, cuando existan discrepancias, el Presidente de la Entidad Local podrá elevar su resolución al órgano de control competente por razón de la materia de la Administración que tenga atribuida la tutela financiera.

3. El órgano interventor remitirá anualmente al Tribunal de Cuentas todas las resoluciones y acuerdos adoptados por el Presidente de la Entidad Local y por el Pleno de la Corporación contrarios a los reparos formulados, así como un resumen de las principales anomalías detectadas en materia de ingresos. A la citada documentación deberá acompañar, en su caso, los informes justificativos presentados por la Corporación local”.

Esta Alcaldía formula a seguinte **PROPOSTA**:



**ÚNICO.-** Dar conta ao Pleno do Informe da Intervención Municipal : 132/2021 de “Reparos efectuados pola Intervención municipal no exercicio 2020 e anomalías detectadas en materia de ingresos, así como acordos adoptados con omisión do trámite de fiscalización previa para incluír en punto separado da orde do día con ocasión da aprobación da CONTA XERAL 2020”

Documento asinado dixitalmente por D. Bernardo Fernández Piñeiro, Alcalde - Presidente, en Pontedeume, na data sinalada na marxe”

Os/las membros presentes **TOMAN RAZÓN.**

### **3.- DETERMINACIÓN DAS FESTAS LOCAIS NO CONCELLO DE PONTEDEUME PARA O 2022.**

A Secretaria accidental da lectura ao ditame da Comisión Informativa Permanente de Estudio, Informe e Consulta de Asuntos Xerais do Pleno, que se transcribe a continuación:

**"DITAME COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE E STUDIO, INFORME E CONSULTA DE ASUNTOS XERAIS DO PLENO.**

**SESIÓN: Ordinaria DE DATA luns 26 de xullo de 2021**

**EXPDTE: 2021/G012/000011**

**Sesión nº: SESIÓN Nº: 28/2019-2023.**

### **2.- DETERMINACIÓN DAS FESTAS LOCAIS NO CONCELLO DE PONTEDEUME PARA O 2022.**

A Secretaria accidental da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

**“PROPOSTA DE ACORDO**

#### **DETERMINACIÓN DAS FESTAS LOCAIS NO CONCELLO DE PONTEDEUME PARA O 2022**

(Expediente TEdC: 2021/X999/000341-2021/G006/000140

Á vista da necesidade da determinación por acordo plenario das datas concretas dos dous días de festa de carácter retribuído e non recuperable deste termo municipal para o ano 2022, co obxecto da elaboración do calendario laboral.

Se ben tradicionalmente, as datas escollidas neste municipio son os días 8 e 10 de setembro, coincidindo coa celebración das “Festas das Peras”, e tendo en conta que o 10 de setembro cadra en sábado.

Esta Alcaldía somete á Comisión Informativa de Asuntos Xerais do Pleno a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO** para o seu **DITAME:**

**PRIMEIRO.-** Determinar como festas locais para o 2022 as seguintes datas:

- Xoves 8 de setembro (Festas das Peras)
- Xoves 29 de setembro (San Miguel de Breamo)

**SEGUNDO.-** Dar traslado do presente acordo á Xefatura Territorial da Consellaría de Emprego e Igualdade, ao departamento de persoal municipal e á representación sindical do Concello, aos efectos oportunos.

Non obstante, o pleno adoptará o acordo que estime oportuno.



## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Documento asinado dixitalmente polo Sr. Alcalde D. Bernardo Fernández Piñeiro na data sinalada na marxe.”

A Presidencia abre a quenda para o debate... // ...

Non habendo intervencións, sométese a votación a proposta de acordo, quedando **ADOPTADO** por **UNANIMIDADE** dos/as membros presentes, o **ACORDO** seguinte:

**PRIMEIRO.-** Determinar como festas locais para o 2022 as seguintes datas:

- Xoves 8 de setembro (Festas das Peras)
- Xoves 29 de setembro (San Miguel de Breamo)

**SEGUNDO.-** Dar traslado do presente acordo á Xefatura Territorial da Consellaría de Emprego e Igualdade, ao departamento de persoal municipal e á representación sindical do Concello, aos efectos oportunos”.

Non habendo intervencións, sométese a votación a proposta, quedando **ADOPTADO** por **UNANIMIDADE** dos/as membros presentes, o **ACORDO** seguinte

**PRIMEIRO.-** Determinar como festas locais para o 2022 as seguintes datas:

- Xoves 8 de setembro (Festas das Peras)
- Xoves 29 de setembro (San Miguel de Breamo)

**SEGUNDO.-** Dar traslado do presente acordo á Xefatura Territorial da Consellaría de Emprego e Igualdade, ao departamento de persoal municipal e á representación sindical do Concello, aos efectos oportunos.”

#### 4.- DAR CONTA INFORME INTERVENCIÓN 203/2021 PMP E MOROSIDADE (SEGUNDO TRIMESTRE 2021).

A Secretaria accidental da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

##### “PROPOSTA DE TOMA DE RAZÓN

#### DAR CONTA INFORME INTERVENCIÓN 203/2021 PMP E MOROSIDADE (SEGUNDO TRIMESTRE 2021)

(Expediente TEdC: 2021/X998/000063-2021/G006/000133

Visto o sinalado no artigo 4 da Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, concretamente nos seus apartados 3 e 5, que sinalan literalmente que:

“(…) 3. Los Tesoreros o, en su defecto, Interventores de las Corporaciones locales elaborarán trimestralmente un informe sobre el cumplimiento de los plazos previstos en esta Ley para el pago de las obligaciones de cada Entidad local, que incluirá necesariamente el número y cuantía global de las obligaciones pendientes en las que se esté incumpliendo el plazo.



4. Sin perjuicio de su posible presentación y debate en el Pleno de la Corporación local, dicho informe deberá remitirse, en todo caso, a los órganos competentes del Ministerio de Economía y Hacienda y, en su respectivo ámbito territorial, a los de las Comunidades Autónomas que, con arreglo a sus respectivos Estatutos de Autonomía, tengan atribuida la tutela financiera de las Entidades locales. Tales órganos podrán igualmente requerir la remisión de los citados informes. (...)"

5.

Visto o sinalado na Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade orzamentaria e sostenibilidade Financeira,

Esta Alcaldía formula a seguinte **PROPOSTA**:

**ÚNICO.-** Dar conta do informe de Intervención de referencia 203/2021, de asunto: "Comunicación de cumprimento da remisión de información ao Ministerio en relación coa morosidade e período medio de pagamento correspondentes ao segundo trimestre de 2021"

Documento asinado dixitalmente por D. Bernardo Fernández Piñeiro, Alcalde-Presidente, en Pontedeume na data sinalada na marxe."

Os membros/as presentes **TOMAN RAZÓN**.

#### **5.- DAR CONTA REMISIÓN INFORMACIÓN MINISTERIO EXECUCIÓN TRIMESTRAL 2º TRIMESTRE 2021.**

A Secretaria accidental da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

**"PROPOSTA DE DACIÓN DE CONTA**

**REMISIÓN DE INFORMACIÓN TRIMESTRAL AO MINISTERIO DE HACIENDA. (EXECUCIÓN DO 2º TRIMESTRE DE 2021)**

(Expediente TEdC: 2021/G006/000141)

Visto o sinalado na Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira (modificada pola Orde HAP/2082/2014, do 7 de novembro)

Esta Alcaldía formula a seguinte **PROPOSTA**:

**ÚNICO.-** Dar conta do informe de Intervención de referencia 210/2021, de asunto: "Comunicación da remisión de información trimestral ao Ministerio de Hacienda"

Documento asinado dixitalmente por D. Bernardo Fernández Piñeiro, Alcalde-Presidente, en Pontedeume na data sinalada na marxe"

Os/as membros presentes **TOMAN RAZÓN**

**6.- DACIÓN DE CONTA DO DITADO DO DECRETO DA ALCALDÍA Nº 412/2021 DE DATA 08/07/2021 DE SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NA 1ª FASE DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL, (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS +ADICIONAL 2/2021, E DO DECRETO DE DA ALCALDÍA Nº 429/2021 DE DATA 15/07/2021 E DE MODIFICACIÓN DO CADRO DE FINANCIAMENTO DA**

## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

### SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NA 1ª FASE DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS +ADICIONAL 2/2021.

A Secretaria accidental da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

**“DACIÓN DE CONTA DO DITADO DO DECRETO DA ALCALDÍA Nº 412/2021 DE DATA 08/07/2021 DE SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NA 1ª FASE DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL, (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS +ADICIONAL 2/2021, E DO DECRETO DE DA ALCALDÍA Nº 429/2021 DE DATA 15/07/2021 E DE MODIFICACIÓN DO CADRO DE FINANCIAMENTO DA SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NA 1ª FASE DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS +ADICIONAL 2/2021**

(Expediente TEdC: 2020/X999/000473 - 2021/G006/000148)

- Dase conta do ditado do Decreto da Alcaldía nº 412/2021 de data 08/07/2021, do seguinte teor que se transcribe:

**“Descrición decreto: EXPEDIENTE DE PARTICIPACIÓN NA 1ª FASE DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS +ADICIONAL 2/2021.**

**EXPEDIENTE Nº 2021/G003/000436**

**DON BERNARDO FERNÁNDEZ PIÑEIRO ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA).**

O Pleno do Concello de Ponte deume, celebrado en sesión ordinaria de data 28.01.2021 o acordo relativo á **“SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS + 2021”**, cuxo contido se transcribe, en estrato:

**“PRIMEIRO.-** “Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2021”** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e o préstamo provincial asignados aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a **“achega provincial 2021”**, **“achega provincial 2020”** e **“préstamo provincial 2021”**.”

...//...

B ) **Financiamento de gastos correntes:**

Deputación



Achega provincial 2021 aplicada ao financiamento de gastos correntes	95.356,26
Achega provincial 2020 (Excepción da Base 2.2 final)	
<b>Subtotal gasto corrente</b>	

**C ) Financiamento de investimentos:**

<b>ACHEGA PROVINCIAL 2021</b>	<b>Financiamento do investimento</b>		
	<b>Deputación</b>	<b>Concello</b>	<b>Orzamento total</b>
<b>Denominación da obra ou subministración</b>			
<b>EXTENSIÓN DE REDE DE ABASTECIMENTO E SANEAMENTO EN CASTRO-NOGUEIROSA</b>	85.228,49	0	85.228,49
<b>Subtotal investimentos achega provincial 2021</b>	85.228,49	0	85.228,49

<b>ACHEGA PROVINCIAL 2020</b> <i>(Investimentos financeiramente sostibles)</i>	<b>Financiamento do investimento</b>		
	<b>Deputación</b>	<b>Concello</b>	<b>Orzamento total</b>
<b>Denominación da obra ou subministración</b>			
<b>HUMANIZACIÓN DA RÚA FIRRETE</b>	131.641,45	2.726,36	134.367,81
<b>Subtotal investimentos achega provincial 2020</b>	131.641,45	2.726,36	134.367,81

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que se relacionan nestas táboas.

...//...

**E) Resumo:**

## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

SUBTOTALS		Deputación	Concello	Total
A- PAGO A PROVEDORES	Achega 2020			
	Achega 2021			
B- GASTOS CORRENTES	Achega 2021	95.356,26		95.356,26
	Achega 2020 (Excep. Base 2.2)			
C- INVERSIONES	Achega 2021	85.228,49		85.228,49
	Achega 2020	131.641,45	2.726,36	134.367,81
D- REDUCCIÓN DÉBIDA	Préstamo 2021			
TOTAL	Achega 2021			
	Achega 2020			
	Préstamo 2021			
	TOTAL			



**SEGUNDO.-** Aprobar o Plan Complementario do ano 2021 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

<b>Denominación dos investimentos financeiramente sostibles</b> <b>(mínimo do 50% do total de achega e préstamo provincial asignado)</b>	<b>Orzamento</b>
<b>AMPLIACIÓN DA REDE MUNICIPAL DE SANEAMENTO DE AUGAS RESIDUAIS EN SAN COSME (NOGUEIROSA)</b>	<b>145.242,77</b>
<b>PAVIMENTACIÓN E HUMANIZACIÓN FREI GUMERSINDO PLACER</b>	<b>87.469,84</b>
<b>TOTAIS</b>	

...//...”

Logo de ver a circular da Deputación da Coruña de 17.06.2021, documento con rexistro de entrada nº 20210000001483 de 17.06.2021, sobre elaboración do POS + Adicional 2/2021 por maior achega, na que a cantidade que lle corresponde ao Concello de Pontedeume no dito plan adicional é a seguinte:

<b>CONCELLO</b>	<b>POS+ Adicional 2/2021 por maior achega provincial (€)</b>
Pontedeume	195.438,04 €

Tendo en conta que o concello unicamente poderá destinar esta maior achega provincial asignada ao financiamento de investimentos financeiramente sostibles, ben aos incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2021 ou ben a outros novos investimentos financeiramente sostibles.

En uso das atribucións que me confire o artigo 21 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, **RESOLVO:**

**PRIMEIRO.** –Participar na **1ª Fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 2/2021** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se aceptaron na súa totalidade, confirmando a aplicación da maior achega provincial asignada ao financiamento dos investimentos financeiramente sostibles que xa tiña incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2021, tal e como se indica a continuación:

<b>Investimentos financeiramente sostibles xa incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2021</b>	<b>Financiamento dos investimentos</b>		
	<b>Deputación</b>	<b>Concello</b>	<b>Orzamento total</b>

## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

AMPLIACIÓN DA REDE MUNICIPAL DE SANEAMENTO DE AUGAS RESIDUAIS EN SAN COSME (NOGUEIROSA)	145.242,77 €	0 €	<b>145.242,77 €</b>
PAVIMENTACIÓN E HUMANIZACIÓN FREI GUMERSINDO PLACER	50.195,27 €	37.274,57 €	<b>87.469,84 €</b>
<b>TOTAL</b>	<b>195.438,04 €</b>	37.274,57 €	232.712,61 €

Maior achega provincial asignada ao concello	<b>195.438,04 €</b>
Maior achega provincial aplicada na 1ª Fase	<b>195.438,04 €</b>
Diferenza pendente para a 2ª Fase	0 €

**SEGUNDO.-** Declarar que o concello se compromete a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios, para facer fronte á achega municipal aos investimentos incluídos no POS+ Adicional 2/2021.

**TERCEIRO.-** Dar conta ao Pleno da corporación na seguinte sesión que se celebre en cumprimento do establecido no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, por lo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

En Ponte deume, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. Alcalde D. Bernardo Fernández Piñeiro do que eu, Dª Ana Ramos Ramos, como Secretaria, dou fe. (Asinado aos efectos exclusivamente do artigo 3.2 do RD 128/2018 de 16 de marzo e o artigo 2.1 do Decreto 24/2018 do 15 de febreiro)”

- Dase conta do ditado do Decreto da Alcaldía nº 429/2021 de data 15/07/2021, do seguinte teor que se transcribe:



**“Descrición decreto: EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DO CADRO DE FINANCIAMENTO DA SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NA 1ª FASE DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS +ADICIONAL 2/2021.**

**EXPEDIENTE Nº 2021/G003/000470**

**DON BERNARDO FERNÁNDEZ PIÑEIRO ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA).**

Logo de ver a circular da Deputación da Coruña de 17.06.2021, documento con rexistro de entrada nº 20210000001483 de 17.06.2021, sobre elaboración do POS + Adicional 2/2021 por maior achega, na que a cantidade que lle corresponde ao Concello de Pontedeume no dito plan adicional é a seguinte:

<b>CONCELLO</b>	<b>POS+ Adicional 2/2021 por maior achega provincial (€)</b>
Pontedeume	195.438,04 €

Tendo en conta que o concello unicamente poderá destinar esta maior achega provincial asignada ao financiamento de investimentos financeiramente sostibles, ben aos incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2021 ou ben a outros novos investimentos financeiramente sostibles.

Por Decreto de Alcaldía nº 412/2021 de 08/07/2021, ditouse a resolución cuxo contido se transcribe, en estrato:

**“PRIMEIRO.** –Participar na 1ª Fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 2/2021 da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se aceptaron na súa totalidade, confirmando a aplicación da maior achega provincial asignada ao financiamento dos investimentos financeiramente sostibles que xa tiña incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2021, tal e como se indica a continuación:

<b>Investimentos financeiramente sostibles xa incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2021</b>	<b>Financiamento dos investimentos</b>		
	<b>Deputación</b>	<b>Concello</b>	<b>Orzamento total</b>
AMPLIACIÓN DA REDE MUNICIPAL DE SANEAMENTO DE AUGAS RESIDUAIS EN SAN COSME (NOGUEIROSA)	145.242,77 €	0 €	<b>145.242,77 €</b>
PAVIMENTACIÓN E HUMANIZACIÓN FREI GUMERSINDO PLACER	50.195,27 €	37.274,57 €	<b>87.469,84 €</b>



## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

	<b>TOTAL</b>	<b>195.438,04 €</b>	37.274,57 €      232.712,61 €

Maior achega provincial asignada ao concello	<b>195.438,04 €</b>
Maior achega provincial aplicada na 1ª Fase	<b>195.438,04 €</b>
Diferenza pendente para a 2ª Fase	0 €

**SEGUNDO.-** Declarar que o concello se compromete a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios, para facer fronte á achega municipal aos investimentos incluídos no POS+ Adicional 2/2021.

...//...”

Tendo en conta os criterios da Deputación da Coruña de aplicación das baixas de licitación dos investimentos incluídos nos Plans Provinciais, destinadas a minorar a axuda municipal, é convinte a modificación do cadro de financiamento dos investimentos obxecto da solicitude de participación na 1ª Fase do Plan provincial de cooperación aprobada por Decreto 412/2021 de 08/07/2021, nos seguintes termos:

Investimentos financeiramente sostibles xa incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2021	Financiamento dos investimentos		
	Deputación	Concello	Orzamento total
AMPLIACIÓN DA REDE MUNICIPAL DE SANEAMENTO DE AUGAS RESIDUAIS EN SAN COSME (NOGUEIROSA)	121.978,62 €	23.264,15 €	<b>145.242,77 €</b>
PAVIMENTACIÓN E HUMANIZACIÓN FREI GUMERSINDO PLACER	73.459,42 €	14.010,42 €	<b>87.469,84 €</b>
<b>TOTAL</b>	<b>195.438,04 €</b>	<b>37.274,57 €</b>	<b>232.712,61 €</b>

Tendo en conta o anterior,

En uso das atribucións que me confire o artigo 21 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, **RESOLVO:**



**PRIMEIRO.-** Modificar o cadro de financiamento dos investimentos das solicitudes de participación na **1ª Fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 2/2021** da Deputación Provincial da Coruña, aprobada por Decreto de Alcaldía nº 412/2021 de 08/07/2021, conforme ao seguinte:

<b>Investimentos financeiramente sostibles xa incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2021</b>	<b>Financiamento dos investimentos</b>		
	<b>Deputación</b>	<b>Concello</b>	<b>Orzamento total</b>
AMPLIACIÓN DA REDE MUNICIPAL DE SANEAMENTO DE AUGAS RESIDUAIS EN SAN COSME (NOGUEIROSA)	121.978,62 €	23.264,15 €	<b>145.242,77 €</b>
PAVIMENTACIÓN E HUMANIZACIÓN FREI GUMERSINDO PLACER	73.459,42 €	14.010,42 €	<b>87.469,84 €</b>
<b>TOTAL</b>	<b>195.438,04 €</b>	<b>37.274,57 €</b>	<b>232.712,61 €</b>

Maior achega provincial asignada ao concello	<b>195.438,04 €</b>
Maior achega provincial aplicada na 1ª Fase	<b>195.438,04 €</b>
Diferenza pendente para a 2ª Fase	0 €

**SEGUNDO.-** Declarar que o concello se compromete a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios, para facer fronte á achega municipal aos investimentos incluídos no POS+ Adicional 2/2021.

**TERCEIRO.-** Dar traslado do contido da presente resolución á Deputación da Coruña, aos efectos oportunos.

**CUARTO.-** Dar conta ao Pleno da corporación na seguinte sesión que se celebre en cumprimento do establecido no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, por lo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais

En Pontedeume, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. Alcalde D. Bernardo Fernández Piñeiro do que eu, Dª Ana Ramos Ramos, como Secretaria, dou fe. (Asinado aos efectos exclusivamente do artigo 3.2 do RD 128/2018 de 16 de marzo e o artigo 2.1 do Decreto 24/2018 do 15 de febreiro)."

En cumprimento do anterior, esta Alcaldía, da conta ao Pleno, para a súa **TOMA DE RAZÓN**.

Documento asinado dixitalmente polo Sr. Alcalde D. Bernardo Fernández Piñeiro, en Pontedeume á data sinalada na marxe."

## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Os/as membros presentes TOMAN RAZÓN

### 7.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO CONTRA O PARQUE EÓLICO PENA DO CORVO.

Toma a palabra a Sra. Rocío Souto, concelleira do Bloque Nacionalista Galego, quen di que retiran a moción presentada polo seu grupo, para adherirse á declaración institucional do concello de Ponte deume en contra da instalación do parque.

### 9.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: MOCIÓNS URXENTES

#### - DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DO CONCELLO DE PONTEDEUME EN CONTRA DA INSTALACIÓN DO PARQUE EÓLICO PENA DO CORVO NO TERRITORIO DO CONCELLO DE MONFERO.

O Sr. José Simoes Couceiro, portavoz do Grupo Municipal do PSG-PSOE, da lectura aos acordos da declaración institucional do concello de Ponte deume en contra da instalación do parque eólico Pena do Corvo, cuxo contido se transcribe no seu literal:

#### “DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DO CONCELLO DE PONTEDEUME EN CONTRA DA INSTALACIÓN DO PARQUE EÓLICO PENA DO CORVO NO TERRITORIO DO CONCELLO DE MONFERO.

*A Corporación Municipal do Concello de Ponte deume, integrada polos grupos políticos do Partido Socialista Obreiro Español (PSdeG-PSOE), Partido Popular (PP) e Bloque Nacionalista Galego (BNG), suscriben de forma conxunta a seguinte Declaración Institucional.*

*No Boletín Oficial do Estado do sábado día 29 de maio publicouse un anuncio da Área de Industria e Enerxía da Delegación do Goberno en Galicia polo que se somete a información pública o Estudo de Impacto Ambiental e a solicitude de Autorización Administrativa Previa do Parque Eólico Pena do Corvo de 58,5 MW, situado no municipio de Monfero, e a súa infraestrutura de evacuación, promovido pola empresa IBERDROLA RENOVABLES GALICIA, S.A., código de proxecto PEol-400.*

*Este proxecto, cun orzamento que supera os 59 millóns e conformado por 13 aeroxeradores contempla a instalación de rede soterrada de media tensión, subestacións transformadoras, liña aérea de alta e liña soterrada de alta; infraestruturas que afectarían tamén aos concellos de Betanzos, Carral, Coirós, Irixoa, Ordes, Oza-Cesuras, Paderne e Vilarnaiaior.*

*Os efectos da instalación dos aeroxeradores na poboación, na paisaxe e a contaminación acústica que ocasionan, está a xerar un importante rexeitamento das veciñas e veciños deste concello, cun territorio marcado pola súa forte vinculación e dependencia económica do sector agrogandeiro, sector forestal e sector turístico.*

*Analizando as localizacións dos aeroxeradores propostas pola promotora, resulta inadmisíble e inaceptable a colocación destes pola súa proximidade a vivendas a escasos 500 metros, a*



*pesar de que esta distancia é a que marca o plan eólico galego. O efecto sombra, a reflexión solar e o ruído, capaz de afectar ao oído humano coma ao seu sistema nervioso, resultarían nocivos para a saúde das veciñas e dos veciños.*

*Estudos existentes afirman que os campos electromagnéticos asociados a este tipo de parques afectan á saúde ambiental e á calidade de vida nun radio de 10 km, xerando interferencias e serios problemas nas comunicacións.*

*Ademáis, a instalación deste proxecto tería un grande impacto no Parque Natural das Fragas do Eume, un bosque atlántico de ribeira dos mellores conservados de toda Europa, un enclave dun alto valor ambiental, patrimonial, artístico e arqueolóxico. O Mosteiro de Monfero, xoia arquitectónica da nosa comunidade, quedaría tamén dentro do perímetro do parque eólico. Suporía tamén unha transformación irreversible da paisaxe dada a orografía do terreo do noso concello, tanto polo tamaño dos aeroxeradores como polos demais elementos do parque (vías internas, rede eléctrica...etc). A flora e a fauna veríase seriamente afectada, pola alteración que o parque provocaría nos seus hábitats. Tamén se afectarían negativamente o solo e os recursos hídricos (acuíferos, fontes, tomas de auga...)*

*É importante destacar que o perímetro do proxecto de Parque Eólico Pena do Corvo atópase dentro da área Rede Natura, e a lei 8/2009 de 22 de decembro pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia establece a prohibición de construír un parque eólico dentro da Rede Natura.*

**Polo exposto, propónse por parte dos portavoces dos tres grupos políticos (PSOE, PP e BNG) que conforman a Corporación Municipal do Concello de Pontedeume, os seguintes ACORDOS:**

*Manifestar o seu rexeitamento á instalación do Parque Eólico Pena do Corvo, promovido pola empresa Iberdrola Renovables Galicia S.A., por considerar que afecta gravemente ás propiedades da veciñanza, á súa calidade de vida, á súa saúde, á paisaxe, á flora e a fauna.*

*Mostrar o seu total apoio ás veciñas e aos veciños afectados e afectados dunha maneira taxante.*

*Instar á Consellería de Economía, Emprego e Industria a que reforme o Plan eólico de Galicia e que declare o Concello de Monfero territorio libre de futuros parques eólicos similares ao aquí exposto en canto ás afeccións descritas.*

*Dar traslado do presente acordo á Xunta de Galicia e ao Ministerio para a Transición Ecolóxica, así coma á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas e á Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, solicitando a paralización do proxecto”.*

A continuación, sométese a votación a urxencia, quedando **RATIFICADA A URXENCIA**, coa **INCLUSIÓN DA DECLARACIÓN INSTITUCIONAL NA ORDE DO DÍA**, por **UNANIMIDADE** dos/as membros presentes. e **ACORDAN con carácter de declaración institucional:**

*Manifestar o seu rexeitamento á instalación do Parque Eólico Pena do Corvo, promovido pola empresa Iberdrola Renovables Galicia S.A., por considerar que afecta gravemente ás propiedades da veciñanza, á súa calidade de vida, á súa saúde, á paisaxe, á flora e a fauna.*

*Mostrar o seu total apoio ás veciñas e aos veciños afectados e afectados dunha maneira taxante.*

## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Instar á Consellería de Economía, Emprego e Industria a que reforme o Plan eólico de Galicia e que declare o Concello de Monfero territorio libre de futuros parques eólicos similares ao aquí exposto en canto ás afeccións descritas.

Dar traslado do presente acordo á Xunta de Galicia e ao Ministerio para a Transición Ecolóxica, así coma á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas e á Dirección Xeral de Calidad e Avaliación Ambiental, solicitando a paralización do proxecto”.

### **8.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR EN APOIO DO XACOBEO 21-22.**

O Alcalde, D. Bernardo Fernández, procede a dar lectura a moción do Partido Popular, debido a que o seu voceiro, D. Santiago José Rodríguez, ten problemas coa aplicación informática, e non pode facer uso do micrófono, cuxo texto se transcribe a continuación:

#### **“MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR EN APOIO DO XACOBEO 21-22**

*O Grupo Municipal Popular no concello de Pontedeumedede acordo co disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais desexa elevar ao Pleno a seguinte Proposta de **MOCIÓN**:*

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

*O Camiño de Santiago non só foi a ruta de peregrinación máis importante da Europa medieval, senón tamén unha importante vía comercial e de desenvolvemento cultural, artístico, social e económico do que se beneficiaron todas as localidades pola que discorrían assúas rutas.*

*A súa importancia ao longo da historia está recoñecida en distincións como Itinerario Cultural Europeo (Consello de Europa 1987), Patrimonio da Humanidade (Unesco, 1993, 1998 e 2015) ou Premio Príncipe de Asturias da Concordia (Fundación Príncipe de Asturias, 2004)*

*Desde a súa orixe, milleiros de persoas de calquera clase e condición peregrinaron a Compostela. Ao longo destes séculos pasou por momentos de esplendor e de decadencia, perodende a promoción e recuperación que se fixo desde o Plan Xacobeo 1993, impulsado polo goberno de Manuel Fraga, está vivindo unha das súas etapas de esplendor. Boa proba delo son máis de 301.000 peregrinos do ano 2017, os 327.000 de 2018 ouos case 350.000 de 2019.*

*Todos estes peregrinos e os millóns de turistas que cada ano se acercan a Galicia, sempre atoparon en nós a un pobo acoledor, respectuoso e agradecido cos seus visitantes.*

*As diversas rutas do Camiño de Santiago teñen un impacto directo nos sectores do aloxamento, da alimentación e da restauración, pero tamén producen un elevado impacto indirecto positivo noutros sectores económicos; así mesmo, favorecen o equilibrio territorial e son mellor mecanismo de promoción internacional da marca Galicia.*



*Por todo isto, non se comprende que a organización xuvenil do BNG, “Galiza Nova”, presentase o pasado 1 de xullo unha campaña co lema “Rachemos co Xacobeo”, baseada nunhas presuntas consecuencias negativas que o Xacobeo estarían a producir na xuventude e-según eles-por converter a Galicia “nun sector terciario xigante e cun empregoaltamente precario”. Ao día seguinte aínda que retiraron a imaxe e o lema desa campaña, reafirmáronse nas denuncias destacampaña.*

*A “turismofobia” é un fenómeno que entre todos temos que desterrar. Ademais, Galicia conta cun modelo turístico seguro, respectuoso, de calidade e que aporta tranquilidade a quen nos visita.*

*Así mesmo, o Camiño de Santiago, como fenómeno de transcendencia internacional, debería unírnos a todos. Porén, un feito tan sinxelo, pero así mesmo tan necesario e agradecido polos peregrinos, como é a sinalización do Camiño, é aproveitado polo alcalde de Vigo para confrontar coa Xunta de Galicia. Négase a outorgar a autorización municipal a sinalización homologada do Camiño. Tiveron que ser os propios locais de hostalería de Vigo os que se prestasen a colaborar cos peregrinos que atravesan a cidade e que precisan de orientación, así como da confianza e tranquilidade que lle da seguir o itinerario correcto.*

*Tras máis dun ano de pandemia, moitos sectores económicos do noso concello confían na reactivación que o turismo pode propiciar e, en especial, no impacto da dobre celebración do Xacobeo 21-22, que transcende a propia cidade de Santiago de Compostela e a dos concellos polos que discorren todas as rutas do Camiño. Nesta tarefa*

*Polo exposto, o Grupo Municipal Popular no concello de Pontedeume presenta a seguinte*  
**PROPOSTA DE ACORDOS**

*1. O concello de Pontedeume insta á Xunta de Galicia a que desenvolva unha programación extensa e descentralizada, aproveitando a gran oportunidade que representa este Xacobeo bianual, promovendo actividades ao longo de todo o territorio da nosa comunidade, dinamizando o tecido cultural e turístico local e xerando riqueza e emprego nos concellos de Galicia.*

*2. O concello de Pontedeume manifesta o seu apoio a celebración dos anos Xacobeos 21-22, en canto vehículos de proxección exterior de Galicia, e recoñece os valores de hospitalidade, convivencia, afán de superación e solidariedade do Camiño de Santiago.*

*3. O concello de Pontedeume rexeita calquer tipo de campaña contraria ao fenómeno Xacobeo ou de desconsideración aos peregrinos”.*

A Presidencia abra a quenda para o debate:

**- Toma a palabra o Sr. Luis Ángel Díaz**, concelleiro do Partido Popular. Destaca a importancia dos peregrinos e máis no concello de Pontedeume neste momento.

**- Toma a palabra a Sra. Rocío Souto**, concelleira do BNG, quen comenta que están a favor das propostas de acordo así como coa exposición de motivos, agás ás referencias á campaña de “Galiza Nova”, que considera como mal interpretada polo Partido Popular. Pregunta se o Partido Popular está disposto a retirar as alusións a dita campaña, instando á presentación, se o consideran oportuno, unha moción contra a campaña “Galiza Nova”, e discutir os motivos da dita campaña.

**- Toma a palabra o Sr. Luis Ángel Díaz**, di que non van a retirar as alusións á campaña “Galiza Nova”; considera que non está mal interpretada. Di que a moción é para o impulso do Xacobeo, a raíz da campaña de “Galiza Nova”.

## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

- **Toma a palabra a Sra. Rocío Souto**, destaca que a campaña “Galiza Nova” é unha campaña en contra da precariedade do traballo xuvenil, ligada ao fenómeno Xacobeo, Di que o traballo ten que ser nunhas condicións dignas. Finalmente indica que se non se retira ese apartado, o voto vai a ser a abstención.

- **Toma a palabra o Sr. Simoes Couceiro**, portavoz do Grupo Municipal do PSOE, quen din que van introducir unhas pequenas emendas ao texto da moción, e engadir un punto cuarto, conforme ao seguinte:

- No parágrafo terceiro da exposición de motivos, substituir “...*polo goberno de Manuel Fraga...*” por “...*polo goberno da Xunta de Galicia...*”

- No parágrafo penúltimo da exposición de motivos, substituir dende “...*//...e aproveitado polo alcalde de Vigo para confrontar coa Xunta de Galicia. Négase a outorgar a autorización municipal a sinalización homologada do Camiño. Tiveron que ser os propios locais de hostalería de Vigo os que se prestasen a colaborar cos peregrinos que atravesan a cidade e que precisan de orientación, así como da confianza e tranquilidade que lle da seguir o itinerario correcto...//...*”, por “...*//...onde este concello fixo un gran esforzo na sinalización polo tramo que transcorre polo término municipal de Ponte deume, en colaboración coa hostalería Eumesa.*”

- No primeiro punto da proposta de acordo engadir ao final, “...*//...e posibilitando axudas para favorecer ás empresas dos/as emprendedores/as.*”

- Engadir un cuarto punto na proposta de acordos, co contido seguinte:

*“Toda a corporación do Concello de Ponte deume, comprométese á participación da actividade programada para a realización do Camiño Inglés por etapas que se realizará de maneira semanal todos os domingos do mes de outubro.*

*Unha actividade que reflicitará o compromiso desta corporación coa visibilización e apoio ao Xacobeo 2021-22 e particularmente ao Camiño Inglés.*

*Brindará así a oportunidade de participar ás veciñas e veciños interesados cumprindo coas medidas preventivas necesarias ante a covid e que contará cos equipos de apoio precisos, dispoñendo de medios de transporte para iniciar os tramos nos puntos indicados e realizando o regreso a Ponte deume unha vez finalizada cada etapa.*

*PROPOSTA CON HORA DE SAÍDA 10 DA MAÑÁ DOS PUNTOS INDICADOS. (Dependendo dos puntos de inicio as horas de convocatoria serán diferentes para a saída desde Ponte deume ao inicio de cada etapa):*

**3 OUTUBRO: PORTO DE CURUXEIRAS (FERROL)-PONTEDEUME (TORREÓN DOS ANDRADE)-28,3 KMS**

**10 OUTUBRO: CONCELLO DE PONTEDEUME-BETANZOS (PRAZA GARCÍA HERMANOS) - 19,2 KMS**

**17 OUTUBRO: BETANZOS (PRAZA GARCÍA HERMANOS)-BRUMA(CAPELA DE SAN LOURENZO) -24,1KMS**



24 OUTUBRO: BRUMA (CAPELA DE SAN LOUREZO)-SIGÜEIRO(PONTE)- 24, 2 KMS

31 OUTUBRO: SIGUEIRO(PONTE)- CATEDRAL DE SANTIAGO- 16.5 KMS.”

- **Toma a palabra o Sr. Luis Ángel Díaz**, quen di que se aceptan as emendas introducidas á moción presentada polo seu grupo.

Concluídas as intervencións, sométese a votación a MOCIÓN EMENDADA, quedando **ADOPTADO** por **MAIORÍA de 9 votos a favor** dos concelleiros e concelleiras do Grupo Municipal do PSDG-PSOE (7): D. Bernardo Fernández Piñeiro, D. José Simoes Couceiro, D<sup>a</sup> Raquel Caruncho Corral, D<sup>a</sup> Ángela Piñeiro Carrera, D. Daniel Ríos Fernández, D<sup>a</sup>. Manuela García Fachal, D<sup>a</sup> Alejandra Bellón Tenreiro; e dos concelleiros do Grupo Municipal do PP (2): D. Santiago José Rodríguez Piñeiro e D. Luis Angel Díaz González; **1 abstención** da concelleira do Grupo Municipal do BNG: D<sup>a</sup> Rocío Souto Torre; o **ACORDO** seguinte:

**1. O concello de Pontedeume insta á Xunta de Galicia a que desenvolva unha programación extensa e descentralizada, aproveitando a gran oportunidade que representa este Xacobeo bianual, promovendo actividades ao longo de todo o territorio da nosa comunidade, dinamizando o tecido cultural e turístico local e xerando riqueza e emprego nos concellos de Galicia, e posibilitando axudas para favorecer ás empresas dos/as emprendedores/as.**

**2. O concello de Pontedeume manifesta o seu apoio a celebración dos anos Xacobeos 21-22, en canto vehículos de proxección exterior de Galicia, e recoñece os valores de hospitalidade, convivencia, afán de superación e solidariedade do Camiño de Santiago.**

**3. O concello de Pontedeume rexeita calquer tipo de campaña contraria ao fenómeno Xacobeo ou de desconsideración aos peregrinos.**

**4.- Toda a corporación do Concello de Pontedeume, comprométese á participación da actividade programada para a realización do Camiño Inglés por etapas que se realizará de maneira semanal todos os domingos do mes de outubro.**

**Unha actividade que reflicitará o compromiso desta corporación coa visibilización e apoio ao Xacobeo 2021-22 e particularmente ao Camiño Inglés.**

**Brindará así a oportunidade de participar ás veciñas e veciños interesados cumprindo coas medidas preventivas necesarias ante a covid e que contará cos equipos de apoio precisos, dispoñendo de medios de transporte para iniciar os tramos nos puntos indicados e realizando o regreso a Pontedeume unha vez finalizada cada etapa.**

**PROPOSTA CON HORA DE SAÍDA 10 DA MAÑÁ DOS PUNTOS INDICADOS. (Dependendo dos puntos de inicio as horas de convocatoria serán diferentes para a saída desde Pontedeume ao inicio de cada etapa):**

**3 OUTUBRO: PORTO DE CURUXEIRAS (FERROL)-PONTEDEUME (TORREÓN DOS ANDRADE)-28, 3 KMS**

**10 OUTUBRO: CONCELLO DE PONTEDEUME-BETANZOS (PRAZA GARCÍA HERMANOS) -19,2 KMS**

**17 OUTUBRO: BETANZOS (PRAZA GARCÍA HERMANOS)-BRUMA(CAPELA DE SAN LOURENZO) -24,1KMS**

**24 OUTUBRO: BRUMA (CAPELA DE SAN LOUREZO)-SIGÜEIRO(PONTE)- 24, 2 KMS**

**31 OUTUBRO: SIGUEIRO(PONTE)- CATEDRAL DE SANTIAGO- 16.5 KMS.**



## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

### 10.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA PRESIDENCIA.

A Secretaria accidental da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

#### **“DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA PRESIDENCIA. SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DE 29/07/2021**

(Expediente TEdC: 2021/G006/000145)

De conformidade co disposto no artigo 42 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dáse conta aos concelleiros e concelleiras das Resolucións da Alcaldía-Presidencia ditadas, dos números **366.2021** de 18 de xuño ao **442.2021** de 16 de xullo de 2021, ambos os dous incluídos, os seguintes:

Nº de Expediente	Asunto	Nº Decreto	Fecha Firma
2021/ G003/000406	ADXUDICACIÓN DO CONTRATO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE LIMPEZA DE PRAIAS MARÍTIMAS 2021. (Expediente:2021/C002/000012)	000366/2021	18-06-2021 11:55
2021/ G003/000405	PERSOAL-CONTRATACIÓN SUBSTITUCIÓN PERÍODO VACACIONAL DE [REDACTED]	000367/2021	21-06-2021 10:49
2021/ G003/000395	XUSTIFICACIÓN DO PROGRAMA PEL-REACTIVA: FONDO DE FINANCIAMENTO PARA A REACTIVACIÓN ECONÓMICA E SOCIAL DA PROVINCIA DA CORUÑA, 2020	000368/2021	21-06-2021 14:16
2021/ G003/000412	CONVOCATORIA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DE 24/06/2021	000369/2021	21-06-2021 14:46
2021/ G003/000341	RELACIÓN DE FACTURAS F/2021/8	000370/2021	22-06-2021 12:58
2021/ G003/000373	EXPEDIENTE SANCIONADOR DE MULTAS DE TRÁFICO RESOLUCIÓN SANCIONADORA DR 99500000022351	000371/2021	22-06-2021 18:42
2021/	INICIO PROCEDIMENTOS	000372/2021	22-06-2021



G003/000389	SANCIONADORES DE TRÁFICO AI99500000022748		18:42
2021/ G003/000404	APROBACIÓN BASES VII CERTAME DO TEATRO AFECIONADO PONTEDEUME EN OBRAS	000373/2021	22-06-2021 18:42
2021/ G003/000387	Modificación do saldo inicial de dereitos recoñecidos en exercicios anteriores. Anulación de saldos ICIO e taxa por licenza urbanística.	000374/2021	22-06-2021 18:42
2021/ G003/000408	APROBACIÓN PADRÓNS DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DE LIBRE CONCORRENCIA E DEPENDENCIA DO MES DE MAIO 2021	000375/2021	23-06-2021 15:17
2021/ G003/000417	RECTIFICACIÓN DE ERROS DO DECRETO 569/2020 DE 09/10/2020 DE NOMEAMENTO DIRECCIÓN DE OBRA "CAMIÑO NA HERBOSA (BOEBRE) E CAMIÑO NA GRAÑA (POS+ 2019)" (Expediente: 2019/C003/000009--- PCO001201900309)CAMIÑO NA HERBOSA (BOEBRE) E CAMIÑO NA GRAÑA (POS+ 2019)	000376/2021	23-06-2021 15:17
2021/G003/000411	PERSOAL-COMISIÓN SERVICIOS POLICIA LOCAL	000377/2021	24-06-2021 10:13
2021/ G003/000414	RELACIÓN DE FACTURAS F/2021/10	000378/2021	24-06-2021 10:35
2021/ G003/000416	PERSOAL-INCIDENCIAS MENSUAIS NÓMINA MES DE XUÑO 2021.	000379/2021	24-06-2021 15:18
2021/ G003/000419	PERSOAL-RESOLUCIÓN PAGO NÓMINA MES XUÑO 2021.	000380/2021	24-06-2021 15:18
2021/ G003/000409	PERSOAL-SEGURIDADE SOCIAL MAIO 2021	000381/2021	24-06-2021 15:19
2021/ G003/000396	APROBACIÓN NÓMINA DE ATRASOS ABRIL 2021 DE [REDACTED] [REDACTED] [REDACTED]	000382/2021	25-06-2021 10:00
2021/ G003/000363	APROBACIÓN CERTIFICACIÓN Nº 24, 25, 26 E 27 E, ACTA DE RECEPCIÓN DA OBRA -CONSTRUCCIÓN DE PISTA DE PÁDEL E BALONCESTO 3 X 3.	000383/2021	25-06-2021 10:00

## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

2021/ G003/000413	PROPOSTA DE BAIXA E ALTA NO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DE DEPENDENCIA	000384/2021	25-06-2021 10:00
2021/ G003/000421	EXPEDIENTE DE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO PLENO E 413 FACTURAS F/2021/9	000385/2021	25-06-2021 10:55
2021/ G003/000426	MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 13 XERACIÓN DE CRÉDITO 9. IGUALDADE.-	000386/2021	25-06-2021 12:56
2021/ G003/000392	APROBACIÓN CERTIFICACIÓN Nº 17, 18, 19 E 20 DA OBRA: REFORMA INTERIOR E MELLORA DA ACCESIBILIDADE DA ESCOLA INFANTIL DE NOGUEIROSA.	000387/2021	25-06-2021 14:11
2021/ G003/000383	APROBACIÓN DA CERTIFICACIÓN Nº 1 E Nº 2, E ACTA DE RECEPCIÓN -OBRAS DE MELLORA DO PARQUE INFANTIL DE CENTROÑA-.	000388/2021	25-06-2021 14:11
2021/ G003/000402	APROBACIÓN CERTIFICACIÓN Nº1, Nº2 E Nº3 DA OBRA -RENOVACIÓN DA REDE DE ABASTECIMENTO DE AUGA DENDE PORTIÑO ATA ANDURIÑA-, PAI/2016.	000389/2021	25-06-2021 14:50
2021/ G003/000423	PERSONAL-PROCESO SELECCIÓN TÉCNICO/A DE TURISMO 2021	000390/2021	25-06-2021 14:50
2021/ G003/000424	NOMEAMENTO ACCIDENTAL [REDACTED] INTERVENTOR [REDACTED]	000391/2021	25-06-2021 14:50
2021/ G003/000420	APROBACIÓN CERTIFICACIÓN Nº1-FINAL E ACTA DE RECEPCIÓN DA OBRA -MELLORAS PARA O MERCADO MUNICIPAL DE PONTEDEUME-, AGADER E FACTURAS DE REDACCIÓN PROXECTO E DIRECCIÓN DE OBRA.	000392/2021	28-06-2021 14:51
2021/ G003/000428	EXPEDIENTE DE XUSTIFICACIÓN FINAL DE PROXECTOS DE MELLORAS NO MERCADO MUNICIPAL 2020. AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL	000393/2021	30-06-2021 12:27
2021/ G003/000438	SOLICITUD DE SUBVENCIÓN PARA ACTIVIDADES DE DE CULTURA NO	000394/2021	30-06-2021 12:27



	CAMIÑO. AGADIC 2021		
2021/ G003/000435	Convocatoria da Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 01-07-2021	000395/2021	30-06-2021 12:59
2021/ G003/000410	RECLAMACIÓN DO PERIODO DE VACACIÓNS NA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL	000396/2021	30-06-2021 13:11
2021/ G003/000075	EXPEDIENTE DE PAGAMENTO, CONVENIO DE COLABORACIÓN INTERADMINISTRATIVA ENTRE O CONCELLO DE PONTEDEUME E O DE MARIN (PONTEVEDRA), FUNCIONARIO 	000397/2021	01-07-2021 13:16
2021/ G003/000425	DINAMIZACIÓN XI FEIRÓN MEDIEVAL DOS ANDRADE (2, 3 e 4 de xullo de 2021)	000398/2021	01-07-2021 13:16
2021/ G003/000434	Solicitud adianto de caixa para actividade municipal da área de igualdade	000399/2021	01-07-2021 13:16
2021/ G003/000433	SOLICITA TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE	000400/2021	01-07-2021 13:16
2021/ G003/000432	Adxudicación contrato campamento urbano Rueiras/Rueiros de verán 2021	000401/2021	01-07-2021 13:16
2021/ G003/000418	Solicitude subvención para contratación de persoal nas oficinas de turismo DE XULLO A SETEMBRO. 2021	000402/2021	02-07-2021 13:53
2021/ G003/000443	SOLICITUDE DA TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE	000403/2021	05-07-2021 10:21
2021/ G003/000437	Aprobación primeiro listado de participantes no Campamento Urbano Rueiras/ Rueiros de Verán 2021	000404/2021	05-07-2021 08:53
2021/ G003/000445	APORTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA SOLICITUDE DE CERTIFICACIÓN EXPEDIDA POLA SECRETARIA DOS POSTOS DE TRABAÑO DESEMPEÑADOS NO CONCELLO DE PONTEDEUME, INDICANDO AS TAREFAS DESEMPEÑADAS NESTA ADMINISTRACION	000405/2021	05-07-2021 12:01
2021/ G003/000447	PERSOAL-PROCESO SELECCIÓN SEIS TRABALLADORES PARA A REALIZACIÓN DE FUNCIONS DE SALVAMENTO E	000406/2021	06-07-2021 12:16

## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

	SOCORRISMO, 2021		
2021/ G003/000446	MODIFICACION DE CREDITOS Nº 14, TRANSFERENCIA DE CREDITO Nº 3	000407/2021	06-07-2021 13:31
2021/ G003/000440	Aprobación gastos xustificación subvención Pacto de estado contra a Violencia de Xénero 2020	000408/2021	06-07-2021 13:55
2021/ G003/000448	DECRETO CALENDARIO EDM VERÁN 2021	000409/2021	06-07-2021 14:32
2021/ G003/000451	DECRETO ADMITIDOS EDM VERÁN 2021	000410/2021	07-07-2021 14:08
2021/ G003/000449	RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL CRISTOBAL ANEIROS RIBAS	000411/2021	08-07-2021 12:40
2021/ G003/000436	PARTICIPACIÓN NA 1ª FASE DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS +ADICIONAL 2/2021.	000412/2021	08-07-2021 12:40
2021/ G003/000441	RESOLUCION SANCIONADORA ESTIMACION DE ALEGACIONES DR 4161- 2021	000413/2021	09-07-2021 10:39
2021/ G003/000452	ADXUDICACIÓN DO CONTRATO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO ESCOLAS DEPORTIVAS MUNICIPAIS VERÁN 2021	000414/2021	09-07-2021 10:25
2021/ G003/000456	PERSOAL-CONTRATACIÓN [REDACTED] [REDACTED] SUBSTITUCIÓN PERIODO VACACIONAL DO PERSOAL DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE LIXO.	000415/2021	09-07-2021 12:05
2021/ G003/000459	MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 15, XERACIÓN DE CRÉDITO 10. APROL RURAL.-	000416/2021	09-07-2021 12:05
2021/ G003/000430	INICIO PROCEDIMENTOS SANCIONADORES DE TRÁFICO AI99500000022887	000417/2021	09-07-2021 12:10
2021/	EXPEDIENTE RESOLUCIÓN DE INICIO DE	000418/2021	09-07-2021



G003/000429	PROCEDEMENTO SANCIONADOR DE TRAFICO ARTIGO 11 LSV (9BIS 99500000022886)		12:09
2021/ G003/000464	MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 16, TRANSFERENCIA DE CRÉDITO 4. ÁREA DE GASTO 1.-	000419/2021	12-07-2021 13:30
2021/ G003/000463	PERSOAL- MODELO 111, IRPF, XUÑO 2021	000420/2021	12-07-2021 13:30
2021/ G003/000454	APROBACIÓN DO PROXECTO "RENOVACIÓN DE COLECTOR DE PLUVIAIS EN VENTOSA"	000421/2021	12-07-2021 13:30
2021/ G003/000455	APROBACIÓN DO PROXECTO DE OBRA "MELLORA DA CAPA DE RODAXE DA PISTA Á CANTEIRA (OMBRE)"	000422/2021	12-07-2021 13:30
2021/ G003/000460	Solicitud General a nombre de ██████████ ██████████ Solicita: PERMISO PARA LA REALIZACIÓN DE LAS OBRAS DE REPARACION DE LA TERRAZA EXISTENTE. Desisten da obra. Archivo de expediente	000423/2021	12-07-2021 13:30
2021/ G003/000471	PERSOAL-COMISIÓN SERVICIOS POLICIA LOCAL	000424/2021	13-07-2021 11:27
2021/ G003/000472	APROBACIÓN RELACIÓN FACTURAS F/2021/12	000425/2021	13-07-2021 11:44
2021/ G003/000458	Aprobación padróns servizo de axuda no fogar de libre concorrencia e dependencia, mes de xuño 2021	000426/2021	13-07-2021 13:37
2021/ G003/000442	APROBACIÓN CERTIFICACIÓN Nº 2-FINAL E ACTA DE RECEPCIÓN DA OBRA, PARQUE INFANTIL EN AVDA. LOMBARDEIRO.	000427/2021	14-07-2021 14:30
2021/ G003/000467	Aprobación das listas provisionais de admitidas/os, excluidas/os e listas de espera na Escola Infantil Municipal "Chalé Rosa". Curso 2021/2022	000428/2021	15-07-2021 12:28
2021/ G003/000470	MODIFICACIÓN DO CADRO DE FINANCIAMENTO DA SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NA 1ª FASE DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS)	000429/2021	15-07-2021 12:23

## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

	POS +ADICIONAL 2/2021.		
2021/ G003/000477	PERSOAL-MODIFICACIÓN DECRETOS SEGUROS SOCIALES MARZO 2021	000430/2021	15-07-2021 11:40
2021/ G003/000478	PERSOAL-MODIFICACIÓN RESOLUCIÓN APROBACIÓN NÓMINA MES DE MARZO DE 2021	000431/2021	15-07-2021 11:40
2021/ G003/000468	PERSOAL-SEGUROS SOCIAIS XUÑO 2021	000432/2021	15-07-2021 11:35
2021/ G003/000480	SEGUNDA XUSTIFICACIÓN PARCIAL DO PROGRAMA DE PREVENCIÓN DE DROGODEPENDENCIAS 2019 2022	000433/2021	15-07-2021 14:54
2021/ G003/000482	PERSONAL-PROCESO SELECCIÓN TÉCNICO/A DE TURISMO 2021	000434/2021	16-07-2021 10:51
2021/ G003/000479	SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA ACONDICIONAMENTO DA RECEPCIÓN DO CENTRO DE INTERPRETACIÓN DO TORREÓN DOS ANDRADE	000435/2021	16-07-2021 10:52
2021/ G003/000473	PERSOAL-APROL RURAL 2021	000436/2021	16-07-2021 10:56
2021/ G003/000475	TESOURERIA: EXPEDIENTE PAGOS A XUSTIFICAR RENOVACION SERVIZO APARTADO CORREOS 39AP	000437/2021	16-07-2021 11:33
2021/ G003/000466	APROBACIÓN CERTIFICACIÓN Nº 1 E Nº 2 DA OBRA -CONSERVACIÓN DO CASTELO DE ANDRADE-, POS+/2019. EXPTE.Nº 2020/C003/000003.	000438/2021	16-07-2021 11:36
2021/ G003/000476	AXUDAS DE EMERXENCIA SOCIAL MUNICIPAL	000439/2021	16-07-2021 12:09
2021/ G003/000469	Solicitud General a nombre de EXCAVACIONES Y CANALIZACIONES CONDE SL. Solicita: Una vez finalizado el plazo de la garantía definitiva requerida, solicito devolución del aval correspondiente a la misma por IMPORTE de 2.104,03 euros.	000440/2021	16-07-2021 13:35



2021/ G003/000481	Reposición legalidad urbanística	000441/2021	16-07-2021 13:35
2021/ G003/000384	RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. [REDACTED]	000442/2021	16-07-2021 13:35

Documento asinado dixitalmente polo Sr. Alcalde- Presidente, D. Bernardo Fernández Piñeiro, en Pontedeume, na data sinalada na marxe”.

Os/as membros presentes **TOMAN RAZÓN.**

## 11.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: ROGOS E PREGUNTAS

El Grupo Municipal del Partido Popular en la Corporación Municipal de Pontedeume, presenta para o Pleno del mes de julio del 2021, los siguientes

### RUEGOS:

- 1-. Rogamos instalen un espejo en la salida de la (Rúa Torrente Ballester con Av. Dr. Villanueva)
- 2-.Rogamos repongan la luz ámbar del semáforo nuevo en dirección Coruña
- 3-. Rogamos reparen la acera en Av. Dr. Villanueva a la altura de la finca que hace esquina con Rúa Ría de Ares
- 4-. Rogamos prohíban el aparcamiento en la Av. Saavedra Meneses a la altura de la cafetería La Carrera y cafetería Guillermo (entre las vallas de la obra y los coches aparcados apenas queda sitio de paso para los coches y se forman atascos)
- 5-.Rogamos desbrocen y limpien la maleza del mirador de Av. Del Ferrol para poder gozar de las vistas

EL Grupo Municipal del Partido Popular en la Corporación Municipal de Pontedeume, presenta para el Pleno del mes de julio las siguientes preguntas:

- 1-. Actualmente, el mercado tiene luz de obra aún desde su reapertura.  
¿Cuál es el motivo?
- 2-A día de hoy, ¿Qué falta para la finalización de la obra de la guardería?
- 3-.Debido a las nuevas medidas implantadas por la Xunta de cierre de plazas y parques para evitar botellones y se propague el virus.  
¿Cómo se está afrontando la medida con el problema que está sufriendo el Ayuntamiento con la policía local?
- 4-.En el pleno anterior nos contesta que dieron una fecha para abandonar la plaza provisional y acondicionar el puesto actual mercado.



## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

---

¿Cuál es la fecha del inicio del plazo que tiene y cuál es su finalización?

5.-Nos trasladan diariamente muchos vecinos lo importante que es quitar esas barreras arquitectónicas que existen todavía en nuestro municipio para que el día a día sea más fácil y puedan acceder a cualquier sitio público.

Actualmente en la playa de Ver están pintadas plazas de aparcamiento azules pero pensamos que esto no es suficiente....

¿Han pensado alguna vez en realizar o solicitar una entrada adaptable a la playa, así como también una pasarela de madera para poder desplazarse por el arenal?

En cuanto los servicios públicos este año no se instalaron. Somos conscientes que tienen un servicio de mantenimiento para su desinfección pero...

¿No creen que la opción de no colocarlos en cuanto a higiene es peor?

Por parte del ayuntamiento.

¿No creen que se puede asumir este coste adicional, como el año pasado se asumió la seguridad privada para apoyar la medida de los semáforos?

6.-. Estos días hemos sabido de la auditoría que afloro 1.000 viviendas que no pagaban el servicio de basura. Según la ley puede tener un carácter retroactivo de 4 años. ¿Va solicitar el ayuntamiento a cada una de esas viviendas los 4 años que por ley se pueden pedir? ¿Cómo y cuándo se procederá a la regularización de estas viviendas en el pago de este impuesto?

7.- Ultimamente se está observando que cada vez más se están saltando los vehículos las direcciones prohibidas y las calles peatonales que están reguladas por bolardos. Por eso nos preguntamos lo siguiente:

¿Cómo pueden acceder a dichas calles, quién tiene el control de esos bolardos para que estén tanto subidos como bajados y qué medidas va tomar el ayuntamiento para que esto no sea convierta en una costumbre?

8.-.Salvador Mira

Nos traslada el escritor local Salvador Mira que nunca ha recibido por parte del concello ningún tipo de ayuda en toda su bibliografía ¿Cuál es el motivo de no ayudar a este escritor como se hace con otros? .

As respostas entregadas as preguntas do Partido Popular foron as seguintes, segundo se remiten polo voceiro do grupo do goberno, o Sr. Jose Simoes Couceiro:

1.- Un ano antes da apertura do mercado solicitouse a FENOSA a acometida necesaria para retirar a luz de obra, tras as obras de reforzo da liña que tivo que acometer esta empresa e que tiveron lugar no pasado nadal, volveu solicitar de novo esa dotación. A día de hoxe segundo trasladannos, o expediente administrativo iniciado pola propia empresa aínda non está



pechado. Tan pronto como sexa resolvido pola propia FENOSA, poñerase en funcionamento dita acometida.

O concello é totalmente alleo á finalización dese expediente administrativo debido a que cumprimos con todos os requisitos que se nos esixían, pero aínda así de forma habitual e reiterada contáctase coa empresa para facer o seguimento e reiterar a solicitude.

2.- A obra está finalizada, estíbese estes días coa dotación de mobiliario e peches exteriores esixidos na última inspección de arquitectos da Xunta de Galicia. A día de hoxe estamos á espera da inspección do Servizo para a apertura do edificio.

3.- Todos os concellos de Galicia atopámonos na mesma situación ante unha norma autonómica absurda que ademais é practicamente de imposible cumprimento, dado os efectivos de policía local coa que contan a maioría dos persoais dos concellos desta comunidade autónoma.

En primeiro lugar, a norma da Xunta en contra do que din vostedes na súa pregunta, non propón o peche de parques e prazas para evitar botellóns, senón que propón que se pechen as prazas, parques, praias ou lugares públicos onde se celebran, con iso o único consegue é que se vaian para outros lugares.

Pechar unha zona onde se fai botellón, que non é unha, senón moitas e variadas, implica que esas persoas váianse para outra zona, o cal obriga a facer un seguimento constante de todas as persoas que fan botellón, algo que é totalmente inasumible, aplicando a lóxica e o sentido común.

O problema que ten actualmente a policía local non inflúe nesta medida de control, xa que, con anterioridade a esta situación como vostedes ben saben, non contabamos con patrulla nocturna de policía, polo que resulta imposible ese tipo de controis. Tendo en conta esta circunstancia na que se atopan numerosos concellos, esas medidas de control deben recaer na Garda Civil, que desgraciadamente tamén teñen carencia de efectivos e polo tanto dificultades para organizar as súas quendas.

Aproveitando a súa pregunta sobre a situación da policía, que é coñecida por todos. Grazas ao esforzo e empeño deste goberno local e tras as numerosas xestións realizadas; poñendo en marcha comisión de servizos, negociando con emerxencias de interior da Xunta e Delegación do goberno a incorporación de novos auxiliares... conseguimos que a partir do próximo día 1 de agosto teñamos un persoal con 7 axentes que nos permitirá cubrir todos os servizos diarios de luns a domingo.

4.- Tal e como se lles trasladou e vén establecido no artigo 5 do prego de cláusulas administrativas, os praceiros dispoñen dun período máximo para o inicio de actividade desde a formalización do contrato de 75 días hábiles a contar desde o día seguinte á formalización do contrato. A data de formalización do contrato realizouse o día 29 de abril polo que o período máximo termina o día 12 de agosto.

5.- Sí se pensou, de feito pediuse un orzamento e autorización á demarcación de Costas do Estado. Sería unha pasarela de acceso ao areal desde a actual rampla.

Actualmente instalouse un baño na praia á beira da caseta de socorrismo para que as persoas con mobilidade reducida ou por emerxencia e que non se poidan desprazar ata os establecementos hostaleiros da zona, que colaboran permitindo facer uso dos seus baños, poidan usalo.

## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

6.- A solicitude dos catro anos non cobrados non é unha decisión discrecional, senón que está obrigado por lei. Ao non facelo poderíamos incorrer nunha presunta fraude contra ás arcas públicas.

Segundo trasládannos os técnicos do departamento de recadación e tesourería, devandito procedemento finalizarase entre este ano e principios do que vén.

7.- Que nos conste, este problema xurdiu na rúa San Agustín e Inmaculada, no que á marxe de que os bolardos estean levantados ou subidos, hai unha sinalización vertical que prohibe o acceso, polo que de interceptarse por parte da policía aos infractores sanciónaselles como no resto de viais no que non existen ese tipo de elementos.

Desde que este goberno está á fronte do Concello, todas as entregas de mandos a particulares foron rexistradas debendo xustificar o solicitante os motivos para a súa obtención. Desgraciadamente foi co goberno anterior cando se entregaban mandos sen ningún de control nin rexistro, polo que actualmente é difícil saber cantas persoas dispoñen destes elementos. Por este motivo, encargouse á empresa que xestiona o mantemento, a posibilidade, de ser factible, de modificar as frecuencias de todos os bolardos e realizar unha repartición controlada e rexistrada partindo de cero.

8.- Desde o Concello de Ponte deume sempre se apoiou e séguese apoiando todo tipo de actividades cuxo contido estea en consonancia con valores como; a literatura, os coñecementos humanísticos e a cultura en xeral, facilitando en todo momento o uso de instalacións como a biblioteca municipal “Ramiro Fonte”, casa da cultura ou espazos privados como o salón de actos da fundación Abanca, difusión en prensa, redes sociais, páxina web e presenza en cada unha das presentacións realizadas, non só por este autor, senón calquera outro que queira dar a coñecer a súa obra.

Se están vostedes referíndose a axuda económica, a única proposta firme presentada por este autor neste Concello foi realizada no ano 2016, solicitando a compra de 100 exemplares do libro “Desterro na terra” por un importe de 2.196€.

Tendo en conta o importante número de autores e creadores eumeses e eumesas cos que ten a sorte de contar o noso municipio, desde o Concello colaborouse ben editando libros a través da imprenta da deputación para a súa entrega gratuíta, ou ben colaborando de forma económica na edición de obras moi concretas referidas a efemérides como pode ser o 750 Aniversario da fundación de Ponte deume, preservación e recuperación da historia local ou que teñen unha carga ou finalidade benéfica como pode ser “As palabras máxicas das Fragas” cuxos ingresos foron destinados ao banco de alimentos. No resto de casos, cando se trata de compra de libros e tendo en conta o dito con anterioridade, adóitase colaborar cunha compra de entre 20 e 30 exemplares para consulta en biblioteca e repartición entre institucións educativas e culturais.

Tendo en conta as dispoñibilidades económicas deste concello, os importes nos que nos movemos habitualmente veñen sendo entre 300-500 euros, xa que os fondos dos que dispoñemos non son ilimitados e os autores son numerosos.



Ante esa proposta realizada no ano 2016, trasladóuselle a imposibilidade de acometer unha compra por ese importe. Por parte deste autor, houbo outro contacto este ano a través dun correo electrónico sen unha proposta firme e concreta. En todo caso, se este autor ten interese en que se colabore economicamente nos termos que explicamos con anterioridade, así como para a aclaración de calquera dúbida, pode achegarse ao Concello e será recibido e atendido gustosamente como o resto dos veciños. A día de hoxe nunca se puxo en contacto connosco para trasladarnos algún tipo de queixa sobre a suposta falta de axuda.

A máis abundamento, en varias ocasións convidóuselle a participar en distintos actos relacionados coa poesía e a literatura declinando en todos eles a súa participación.

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, non presenta para este Pleno, ningún rogo nin pregunta.

### **REMATE DA SESIÓN**

Non habendo máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde-Presidente, levanta a sesión, sendo as doce horas e trinta e catro minutos do expresado día.

Apróbase a presente acta, na sesión ordinaria do Pleno de data 30/09/2021, segundo o borrador asinado o día 25/08/2021. Esténdese a presente dilixencia, para constancia, coa sinatura dixital do alcalde e da secretaria, que dá fe.